

eleccións sindicais
15 de xuño 2023




**medre
a herba**

Cut★

Crtvg

Central Unitaria
de Traballadoras



Chegan estas eleccións sindicais para elixir un novo comité de empresa que nos represente a todas nun momento complicado.

O conflito aberto entre a maioría do cadro de persoal e a dirección da CRTVG nunca foi tan intenso e duro, porque nunca foi tan necesario. Non é casual.

Fronte a un equipo directivo despótico e xordo, ilegal segundo recoñecen xa dúas sentenzas, incapaz de entender que a dignidade das traballadoras acaba por agromar cando son a arbitrariedade, a improvisación e a represión as que rexen as relacións laborais, non queda outra que o enfrontamento.

O diálogo e a paz social son imposibles neste contexto, e quen defenda ou represente esa vía é porque non sofre o que sufrimos as máis de nós; esa xente xoga noutra liga e precisa que sexamos “as de abaixo” para estar eles ben arriba ao quente.

Na CUT sentímonos parte deste necesario proceso de acumulación de forzas. Levamos tres mandatos, desde que chegamos en 2011,

intentando sumar para inverter a pirámide. Información e transparencia, acción e mobilización.

Só un cadro de persoal informado pode tomar consciencia da situación e decidir asembleariamente que facer para mudar o penoso rumbo dos medios públicos e das nosas condicións cotiás de traballo, inxustas, incertas e inseguras. Nesas estamos. Precisamos unha maioría máis ampla para ser decisivos.

**Queremos continuar a sementar
dignidade e consciencia para
que medre por fin a herba.**

Vota CUT

catro anos polo retrovisor



A batalla pola estabilidade

- Mobilización pola fin da temporalidade na CRTVG: defensa da aplicación de acordos pola concertación do emprego público 2020, ILP da CUT pola consolidación do emprego público galego en febreiro de 2021, concentración no Toural pola consolidación o 22 de maio de 2021, folga da CUT contra a temporalidade o 18 de xuño de 2021 e manifestación en Madrid o 25 de setembro, folga a prol da fixeza o 28 de outubro de 2021 con manifestación desde a Praza Roxa, defensa da aplicación na CRTVG do Ictetazo -que negaban e finalmente aplicaron- en 2022.

- Defensa do incremento do número de prazas a consolidar: das 203 que empresa e algún sindicatos xa daban por límite insuperable á oferta definitiva de 270 prazas (255 concurso de méritos).
- Información, promoción e acompañamento da asesoría nas demandas de fixeza.
- Negociación centrada no interese colectivo das bases do concurso de méritos.



A precariedade e as trangalladas

- Defensa da contratación: esixencia de cobertura de vacantes e ampliación dos

contratos de revezamento ao 100%, oposición ao incremento dos contratos en prácticas para esquivar as listas e consolidar o emprego precario, seguimento e denuncia das irregularidades e argalladas nos chamamentos na comisión de xestión de listaxes, denuncia da contratación artística fraudulenta para saltar as listas e contratar a dedo...

- Sentenza de vulneración de dereitos fundamentais dun compañeiro con contrato de prácticas ao que non lle renovaron por non coller as vacacións cando quería o coordinador.

A barra libre da dixitalización.

- Loita contra a imposición unilateral de novas funcións non retribuídas (redactores/OPMV) coa escusa da dixitalización (mobilización e denuncia xudicial pendente de sentenza firme).
- Oposición á formación CMS/G24 sen acordar unha nova clasificación profesional.
- Oposición ó uso das mochilas para retransmisións e denuncia do

desmantelamento destes equipos e das unidades móbiles (peticións do cesamento de Sara Otero).

- Conflito colectivo MSCT dos reporteiros gráficos pola obriga unilateral do uso de mochilas, que fai que asuman funcións tradicionalmente reservadas aos cámaras de 1ª.
- Denuncia do desmantelamento de Estudio 5 da RG e desleixo polas músicas do país.
- Conflito en Continuidade: retirada do exame para determinar quen podía acceder.

As delegacións, no punto de mira

- Defensa das delegacións territoriais como unha das principais fortalezas da CRTVG. Alerta pola aceleración do seu desmantelamento tras a negativa da empresa a negociar a súa estrutura, tal como previa o convenio colectivo, cun cadro de persoal reducido á mínima expresión en todas as quendas e sen cobertura das ausencias e baixas, cuns servizos mínimos abusivos nas folgas que en nada se diferencian xa do día a día.

- Oposición ao modelo nórdico desterritorializado cara ao que tende a empresa, alerta do risco que supón a xeneralización de equipos externos para suplir as carencias de persoal incardinado no ecosistema informativo de proximidade. Denuncia da mobilidade do persoal da central ás delegacións e viceversa para prestar servizos pola falta de persoal e a ineficaz organización do traballo. Denuncia das dificultades formativas e das carencias e deficiencias do equipamento técnico dos centros de traballo.



Contra o machismo

- Mobilización da folga de mulleres 8M 2020 e defensa do dereito á folga (condena firme do Supremo á CRTVG por crebafolguismo interno).
- Denuncia dos contidos machistas e sexistas en informativos, programas e accións formativas (suspensión cautelar do curso de prevención do acoso por contidos machistas inadecuados) e esixencia da creación da figura da Editora de Igualdade na negociación do Plan de Igualdade.

Saqueo na mobilidade funcional

- Vitoria xudicial para o pagamento correcto da mobilidade funcional (a empresa pagaba só no salario base a diferenza entre a categoría de orixe e a de destino, cando tiña que aboar as diferenzas sobre todos os conceptos que integran a nómina). Máis de 100 traballadoras cobraron atrasos desde marzo de 2020 e están pendentes de xuízos individuais para percibir atrasos desde outubro de 2018.

A pandemia: teletraballar na CRTVG era imposible...

- Xestión da pandemia no CSSL: teletraballo que a empresa aseguraba era imposible, demanda de equipos de protección, solicitude do permiso retribuído para coidado de menores pola suspensión da actividade escolar, esixencia da acreditación para desprazamentos no estado de alarma, recoñecemento dos grupos de risco e vulnerables, voluntariedade da formación de reténs (e non obrigatoria como quería a empresa), programación reducida, quendas estanco....

O acoso “inexistente” na CRTVG

- Descolgue e petición de revisión do Protocolo de Acoso por inválido
- Demanda de elaboración urxente dun novo Estudo Psicosocial obrigado que permita poñer en marcha as medidas correctoras para reducir o elevado absentismo laboral provocado polo deteriorado clima laboral.

#DefendeAGalega Política

A primeira sentenza contra a CRTVG por represalias a un traballador crítico xa é firme

Miguel Pardo @depunteirolo

martes 28, xuño 2022



Alfonso Sánchez Izquierdo e Alfonso Rueda CC-BY-SA Xunta

Sentenzas históricas por vulneración de dereitos fundamentais

- Sentenza firme de Carlos Jiménez que anula o expediente sancionador que lle impuxo a empresa como represalia pola súa participación en Defende a Galega e condena á CRTVG por vulnerar os dereitos do compañeiro á liberdade de expresión e á tutela xudicial efectiva.
- Sentenza firme de Andrea de Francisco que condena á CRTVG por discriminación por razón de sexo, ao obstruír lle os dereitos de conciliación por non concederlle a mínima adaptación de horario que solicitara.

Accións e mobilización

- Organización da xornada “Liberdade de expresión e igualdade” na Casa Obreira, o 2 de xullo de 2022, que contou coa participación de políticas, avogadas e xornalistas que debateron en catro mesas temáticas sobre a situación da CRTVG.
- Papel activo de impulso e participación na plataforma de máis de 40 colectivos “Por unha

CRTVG ao servizo do pobo” e traballo arreo para o éxito da manifestación do 6N de 2022.



Manipulación, o pan de cada día

- Denuncias concretas de casos de manipulación informativa e reclamación da creación do Consello de Informativos e o Estatuto Profesional.
- Denuncia da formación de equipos de eleccións a dedo sen oportunidades retributivas iguais para todas.
- Oposición á sinatura do modelo de prevención de delitos polas responsabilidades

e obrigas que atribúe ao persoal.

- Conflito por redución empresarial do crédito sindical que rebaixa nun 30% as horas sindicais das que gozaba a CUT. Presentación de demanda por vulneración da liberdade sindical pendente de sentenza firme.
- Xestión das melloras na liña de autobús de acceso a San Marcos.
- Proposición continua no Comité Intercentros de celebración de asembleas consultivas e decisorias.
- Traballo cotián de información de todo o que acontece.



salvemos o futuro

- Defensa radical da negociación colectiva como marco lexítimo das relacións laborais.
- Vixilancia escrupulosa da consolidación de emprego e do cumprimento do compromiso de contratación das persoas con código OPE que non acaden praza (“non imos deixar a ninguén atrás”, dixeron...).
- Presión para a celebración das ofertas públicas de emprego ordinarias, que deben concentrarse nunha nova convocatoria rápida. Defensa do dereito á promoción interna nestas ofertas.
- Esixencia de cobertura de todas as vacantes, nas categorías nas que se xeran, con criterios igualitarios e obxectivos. Estanse desmantelando departamentos como mantemento ou os eléctricos a través da fuga de vacantes cara a outras categorías.
- Esixencia de ampliación ao 100% de xornada dos contratos de revezamento.
- Oposición ao elevado número de contratos de prácticas e formativos, FEUGAS e bolseiros, que encobren en precario postos estruturais.
- Control e denuncia das irregularidades e argalladas na xestión das listaxes de contratación.
- Defensa dunha CRTVG con perspectiva de país e que atenda á información de proximidade. Defensa das delegacións territoriais, oposición ao modelo nórdico de equipos sen vínculos co territorio. Negociación das adscricións provisionais a outros centros que se deberían producir coa toma de posesión das compañeiras que consoliden. Urxe adscribir

tamén ao persoal que non pode optar a un concurso de traslados inexistente.

· Recuperación da produción propia esencial na tele e na radio, con contidos culturais, divulgativos e de función social obrigados nos medios públicos. Freo á entrega de directos e programación informativa a produtoras. Pulo á segunda canle, co incremento de contidos novos de calidade, en especial os dirixidos ao público infantil e xuvenil. Esixencia de contidos de servizo público e de calidade tamén nas novas canles, que deben alimentarse con persoal propio non precario.

· Defensa dunha CRTVG con perspectiva de xénero, no trato e nos contidos, e dun xornalismo feminista.

A empresa debe recoñecer a existencia do problema para poñer en marcha medidas como a Editora de Igualdade, dentro ou fóra do Plan de Igualdade.

· Oposición ao desmantelamento total da capacidade produtiva da CRTVG nas retransmisións. Defensa da calidade, e da dotación necesaria técnica e humana.

· Oposición firme ao decretazo empresarial e negociación inmediata dos cambios funcionais que está a provocar cada día a improvisada renovación tecnolóxica (condicións de traballo e retribucións). Mantemos a base da proposta de Nova Clasificación Profesional que encallou na pandemia por cuestións clasistas e antiobreiras contrarias á redistribución da masa salarial.

· **Erradicación da represión e da manipulación informativa. Acompañamento e denuncia pública dos casos.** Esixencia de posta en marcha das ferramentas que posibilitarían avances, como o Estatuto Profesional e o Consello de Informativos. Esixencia do retorno das traballadoras represaliadas aos seus postos de traballo.

· **Defensa dun posible plan de xubilacións incentivadas** con condición dignas para as traballadoras saíntes e que non repercuta negativamente nas que queden.

· **Esixencia de toma de medidas para mudar o mal clima laboral que provoca absentismo por incapacidade temporal.** Urxencia na elaboración dun novo estudo psicosocial actualizado que evidencie as causas e as corrixa.

· **Negociación dun Plan de acoso laboral e sexual garantista** que protexa de verdade as traballadoras no canto de ao persoal directivo.

· **Presión para o retorno á xornada de 35 horas.**

· **Presión para a negociación do teletraballo na CRTVG,** que podería paliar a ausencia de vontade de negociar un concurso de traslados.

· **Defensa dos dereitos de conciliación da vida laboral e familiar** e dunha aplicación ampla das licenzas e permisos do convenio colectivo.

· **Mobilización permanente en defensa dunha CRTVG ao servizo do pobo.**

· **Ratificación en asemblea das decisións** que afecten a todas as condicións de traballo.

candidaturas delegacións



Félix Aragunde

Redactor TVG
Lugo



Xosé Antón Fraga

Aux. redacción TVG
Coruña



Icíá Alcalde

Redactora TVG
Vigo



Manuela Iglesias

Redactora TVG
Ourense



candidatura

san marcos

- Raquel Lema**
Redactora TVG
- Andrea de Francisco**
Redactora TVG
- Carlos Jiménez**
Locutor RG
- Breixo Parcero**
OPMV
- Raquel Rodríguez**
Axudante de produción
- Vituco Neira**
Locutor RG
- José Ramón Piñeiro**
Oficial tec. electricista
- Manuel Iglesias**
Técnico electrónico TVG
- Agustín Sanmartín**
OPMV
- Ana Pérez**
Redactora TVG
- Natalia Menéndez**
OPMV
- Belén Baños**
Redactora TVG
- Uxío González**
Axudante de produción
- María Novoa**
Reporteira gráfica
- Xoán Xegunde**
Reporteiro gráfico
- Alberto Vázquez**
Redactor TVG
- Esther Vázquez**
Redactora TVG
- José Manuel Prieto**
Técnico electrónico TVG
- Jero Peláez**
OPMV
- Pepe Álvarez**
Operador de Cámara
- Fernando Ferreirós**
Técnico electrónico TVG
- Luis Peña**
OPMV
- Ana Castelo**
OPMV
- Carlos de Novoa**
OPMV
- M^a Alejandra García Caldas**
Grafista-tituladora
- Rafa Vilas**
Oficial técnico electrónico
- Jesús Núñez**
OPMV
- Juan Gayoso**
Técnico electrónico TVG
- Juan Vázquez Caoiro**
OPMV
- Marta Abalde**
Axudante de realización
- Gerardo Martínez**
OPMV
- Roi García**
Grafista titularador
- Castor Rodríguez**
OPMV
- Alberto Cora**
Axudante de realización
- Javier Couselo**
Redactor TVG
- Loreto Costa**
Redactora TVG
- Pedro Roca**
Reporteiro gráfico
- Ricardo Vázquez-Pena**
Axudante de produción
- Nuria Pardo-Ciorraga**
Relacións públicas
- Carmen Pérez**
Redactora TVG
- Javier Romo**
Especialista de montaxe
- Rodrigo Pérez**
Locutor RG
- Raúl Villares**
Locutor RG
- Ramón Buceta**
Técnico de control RG
- Blanca Moreira**
OPMV
- Cristina Baúlo**
Grafista titularadora
- Fran de Caldas**
Reporteiro gráfico
- Miguel Porto**
Especialista de montaxe
- F. Javier Reboredo**
OPMV
- Miguel Méndez**
Axudante de realización
- Lorena Taboas**
Técnica electrónica TVG
- Marián Corral**
Axudante de produción
- Juan Antonio Pico**
Axudante de realización
- Bruno Area**
Técnico de control RG
- Alberto Muñiz**
Axudante de realización
- Nuria Polo**
Redactora RG
- Carlos Abal**
Cámara de primeira
- Alejandro Barrio**
Especialista de montaxe
- Rocío del Río**
Redactora TVG
- David Pena**
OPMV

Pedímosche o voto para volver ter voz no comité de empresa para defender estas ideas, con constancia, compromiso total e traballo.

É importante parar o avance da dirección, que se camufla como parte da representación colectiva; necesitamos o peso do teu voto, a túa confianza.

Porque outra CRTVG é posible e urxente e un cadro de persoal forte e unido é imprescindible agora para evitar que derruben nos anos vindeiros o que queda en pé. Tomaremos parte no rescate e na reconstrución, porque sen medios públicos non hai país, non hai democracia, non hai futuro.

Medre a herba da dignidade!



<https://cutgaliza.org/crtvg>



@CrtvgCut



cutcrtvg



CUTCRTVG



cut@crtvg.gal

Cut★

Crtvg

Central Unitaria
de Traballadoras